

## LENDA A MOURA DO CASTRO "AIRA DA VILA"

O castro foi construído polos mouros, que deixaron grandes riquezas agachadas. Para buscar estas riquezas, xuntáronse varios homes con mentes de faceren unha mina, pero colleron medo e non fixeron nada.

No castro había moitos encantos; un era unha tendeira que amosaba moitas cousas e desaparecíaa. Tamén había cobras que saían voando cara ás casas de Rendal.

Hai poucos anos vivía preto do castro unha muller que tiña os porcos máis gordos do lugar e iso que case non comían na casa.

Un día a filla da dona foi buscar os porcos e atopounos preto do castro onde unha moura lles estaba dando de comer. A rapaza colleu medo e quixo volveuse, pero a moura chamouna e díxolle:

- Rapaza, vaite para a casa e dille a túa nai que cando mate os marráns ten que dar-me a metade, que ben llo merezo.

Ao chegar a matanza, a dona dos porcos facía sempre as partillas coa moura dándolle un porco enteiro.

